

MINISTERIO DE POLÍTICA TERRITORIAL E FUNCIÓN PÚBLICA

Reunión Comisión Paritaria IV CUAGE

31/10/2023

Complementos.

Seguimos sen ter a documentación que permite saber como se aplicou o Acordo de Complementos da Comisión Paritaria Extraordinaria, e que temos solicitado desde o mes de xullo; aínda que para esta reunión da Paritaria dannos as Resolucións CECIR, por si soas non serven para poder determinar si estas son as que se corresponden co acordado na Permanente Extraordinaria do 19 de maio; polo que con esta documentación que nos facilitan consideramos que non se dá resposta ao solicitado pola CIG.

Consecuencia de este nefasto acordo, seguimos sen saber que vai a pasar cos postos que, tendo dereito a asignación de complementos, seguen sen ter asignado dito complemento; circunstancia que, paradóxicamente, agora se está a reivindicar por parte dos sindicatos asinantes do acordo e solicitando dende algunhas das Subcomisións Ministeriais. A Administración manifesta que non vai a trasladar uns criterios comúns ao respecto de como solicitar ou proceder na solicitude de novos complementos baseados no actual sistema complementario, o que algúns están a definir como segunda e terceira fase so proceso, xa que isto é un “procedemento ordinario de modificación da RPT”, e que os Departamentos xa saben a que aterse para o seu trámite. Neste senso, ouvidas as intervencións da representación dos sindicatos CCOO e CSI-F, que se queixan da situación actual e reclaman a actualización dos complementos dos postos ocupados con posterioridade a 1 de xaneiro de 2022; parece que pretendan eludir as consecuencias do que asinaron, e das que xa que foron advertidas pola CIG durante a negociación e sinatura do acordo.

Dende CIG faremos todo o posible para que se nos facilite a información que permita identificar os postos afectados polo acordo da Paritaria e Negociadora do 19 de maio. Tamén manifestamos que non imos a aceptar que se amorticen postos de traballo para financiar a adecuación ou creación dos novos complementos,; xa que non estamos a favor de que se destrúa emprego público para retribuír ao persoal; a solución pasa porque sexa a Administración quen poña os cartos necesarios para solucionar a problemática xerada pola aplicación do Acordo de Complementos.

Traspaso Horas Extras ao Complemento de Produtividade.

Todos os expedientes presentados neste ano desde as Subcomisións quedan informados favorablemente, logo de chegar o informe favorable de Costes. Desde a CIG expuxemos que non podíamos tardar tanto en aprobar estes expedientes xa que nas subcomisións non ían a ter tempo de asignar o aumento do que dispoñen, polo que pedimos ao representante de Costes que deberían de ser máis eficiente a hora de presentar os informes necesarios. Ministerios afectados Asuntos Económicos e Transformación Dixital / Agricultura Pesca y Alimentación / Hacienda y Función Pública / Derechos Sociales y Agenda 2030.

Concurso Aberto e Permanente de Traslados.

Previsión de unha reunión na primeira quincena de novembro para revisar as alegacións presentadas sobre a adxudicación provisional do Anexo II, nesta mesma reunión tamén esta previsto estudar cambios nas Bases dos próximos concursos, pretendese mellorar a redacción e se hai consenso introducir cambios nos criterios de participación.

Xubilación Parcial.

Ante os distintos ritmos na xestión das solicitudes de xubilación, acordamos coa administración que os departamentos e organismos nos trasladen un informe de como se esta executando o acordo de xubilación parcial, polo que en canto recibamos os informes poderemos determinar o alcance da implantación e corrixir a falta de actuación si a houbera.

Galicia 3 de novembro do 2023